26 Levels: AMES CANGAS CERCEDA CHANTADA CORUnA A GUARDA A LEIRO LUGO NIGRaN ORDES OURENSE PEREIRO DE AGUIAR O ... XINZO DE LIMIA
```

xuices2[1,3] #xuices2[nºfila,nºcol]

```
[1] Muller
Levels: Home Muller
```

R project

II) Estrutura da información

Importante!

Conxunto de datos - Acceso

Consultas en data.frame()

As consultas baixo certas condicións: ***which()***

Exemplos:

```
posicions<-which(xuices2[,4]=="SANTIAGO_DE_COMPOSTELA");posicions
[1] 14 27 33
```

```
xuices2[posicions,]
```

	id_xuiz	Idade	Sexo	Concello_da_vivenda_familiar	NATIVO	Lingua_materna	Lingua_habitual	Lingua_materna_da_nai
14	id_14	19	Muller	SANTIAGO_DE_COMPOSTELA	galego	So_galego	so_galego	so_galego
27	id_27	21	Home	SANTIAGO_DE_COMPOSTELA	castelan	So_castelan	Mais_galego_ca_castelan	So_castelan
33	id_33	25	Home	SANTIAGO_DE_COMPOSTELA	galego	So_galego	so_galego	Mais_galego_ca_castelan

	Lingua_materna_do_pai	Concello_de_residencia_habitual	Anos_residindo_nese_concello	Estudos_musicais
14	so_galego	SANTIAGO_DE_COMPOSTELA	Mais_de_15	Estudos_medios
27	So_castelan	SANTIAGO_DE_COMPOSTELA	Entre_5_e_10	Estudos_elementais
33	so_galego	SANTIAGO_DE_COMPOSTELA	Mais_de_15	Estudos_medios

	Estudos	Area_estudo	residencia_fora	Meses_residindo_fora
14	grao_en_filoloxia_inglesa	HUM	0	0
27	grao_lingua_e_literatura_galega	HUM	Arxentina	108
33	Administracion_e_direccion_de_empresas	NONHUM	0	0

R project

II) Estrutura da información

Exercicio 6

Anteriormente traballamos coa base "tempos_compostos_galego_medieval.csv".

Imos facer algunhas consultas nela…

a) **Extrae a información do cuarto rexistro.**

b) **Consulta a variable "auxiliar". Poderías dicir automaticamente cantos tipos de verbos auxiliares temos?**

c) **Imos consultar só un tipo de verbos, os verbos de tipo "suceso".**

   i. **Extrae toda a información dos verbos deste tipo.**
   ii. **Fai unha consulta máis específica extraendo só na consola os verbos que se clasifican como de tipo "suceso".**

Exercicio 6
Solución

a) **Extrae a información do cuarto rexistro.**

tempos_compostos[4,]

```
     tipo_de_verbo   verbo auxiliar num_aparicion
4 procesos_fisicos desecar      ser             1
```

a) **Consulta a variable "auxiliar". Poderías dicir automaticamente cantos tipos de verbos auxiliares temos?**

auxiliar

```
 [1] aver ser  ser  ser  aver ser  ser  ser  ser  ser  ser  ser  aver aver aver aver aver aver
[20] aver ser
Levels: aver ser
```

Exercicio 6
Solución

c) Imos consultar só un tipo de verbos, os verbos de tipo “suceso”.

i. Extrae toda a información dos verbos deste tipo.

```
posicions_suceso<-which(tipo_de_verbo=="suceso");posicions_suceso
[1] 13 14 15 16
tempos_compostos[posicions_suceso,]
   tipo_de_verbo    verbo auxiliar num_aparicion
13        suceso  acaeçer      ser             3
14        suceso  acaeçer     aver             3
15        suceso conteçer     aver             4
16        suceso   passar     aver             3
```

ii. Fai unha consulta máis específica extraendo só na consola os verbos que se clasifican como de tipo “suceso”.

```
tempos_compostos[posicions_suceso,2]
[1] acaeçer  acaeçer  conteçer passar
```

Módulo II – A información en R

III) Escritura/Exportación de datos

R project

III) Exportación de datos

Como «escribir» ficheiros de datos desde R?

Exportar obxectos **data.frame a** un **ficheiro .txt**: ***write.table()***

R project

III) Exportación de datos

Como «escribir» ficheiros de datos desde R?

Exportar obxectos **data.frame a** un **ficheiro .txt**: ***write.table()***

Imos crear un data.frame:
Tras facer a consulta no INE observamos que...

Resultados por provincia de residencia
Apellido: CALAZA

Provincia	Apellido 1º
	Total
Total	215
Araba/Álava	5
Barcelona	12
Bizkaia	11
Córdoba	..
Coruña, A	66
Huelva	5
Lugo	66
Madrid	32
Pontevedra	9

Resultados por provincia de residencia
Apellido: BEIS

Provincia	Apellido 1º
	Total
Total	98
Barcelona	..
Bizkaia	5
Coruña, A	62
Pontevedra	17

Queremos gardar estes datos xunto coa **clasificación** dos mesmos:

«Calaza» : delexical
«Beis» : toponímico

R project

III) Exportación de datos

Como «escribir» ficheiros de datos desde R?

Exportar obxectos **data.frame a** un **ficheiro .txt**: ***write.table()***

Exercicio para pensar

Teremos que construír un obxecto que teña tres columnas, unha contendo o apelido, outra a provincia e outra a clasificación correspondente...

R project

III) Exportación de datos

Como «escribir» ficheiros de datos desde R?

Exportar obxectos **data.frame a** un **ficheiro .txt**: ***write.table()***

Exercicio para pensar

Teremos que construír un obxecto que teña tres columnas, unha contendo o apelido, outra a provincia e outra a clasificación correspondente...

Unha pequena mostra...

Data: antroponimia

	apelidos	provincia	clasificacion
200	Calaza	Pontevedra	delexical
201	Calaza	Pontevedra	delexical
202	Calaza	Pontevedra	delexical
203	Calaza	Pontevedra	delexical
204	Calaza	Pontevedra	delexical
205	Calaza	Pontevedra	delexical
206	Calaza	Pontevedra	delexical
207	Beis	Bizcaia	toponimico
208	Beis	Bizcaia	toponimico
209	Beis	Bizcaia	toponimico
210	Beis	Bizcaia	toponimico
211	Beis	Bizcaia	toponimico
212	Beis	A_Coruna	toponimico
213	Beis	A_Coruna	toponimico
214	Beis	A_Coruna	toponimico

R project

III) Exportación de datos

Como «escribir» ficheiros de datos desde R?

Exportar obxectos **data.frame a** un **ficheiro .txt**: ***write.table()***

```
apelido_calaza=c(rep("Alava",5),rep("Barcelona",12),rep("Bizkaia",11),rep("A_Coruna",66),rep("Huelva",5),rep("Lugo",66),
                 rep("Madrid",32),rep("Pontevedra",9))
apelido_beis=c(rep("Bizcaia",5),rep("A_Coruna",62),rep("Pontevedra",17))

apelidos=c(rep("Calaza",length(apelido_calaza)),rep("Beis",length(apelido_beis)))
provincia=c(apelido_calaza,apelido_beis)
clasificacion=c(rep("delexical",length(apelido_calaza)),rep("toponimico",length(apelido_beis)))

antroponimia=data.frame(apelidos,provincia,clasificacion)
```

R project

III) Exportación de datos

Como «escribir» ficheiros de datos desde R?

Exportar obxectos **data.frame a** un **ficheiro .txt**: ***write.table()***

```
apelido_calaza=c(rep("Alava",5),rep("Barcelona",12),rep("Bizkaia",11),rep("A_Coruna",66),rep("Huelva",5),rep("Lugo",66),
                 rep("Madrid",32),rep("Pontevedra",9))
apelido_beis=c(rep("Bizcaia",5),rep("A_Coruna",62),rep("Pontevedra",17))

apelidos=c(rep("Calaza",length(apelido_calaza)),rep("Beis",length(apelido_beis)))
provincia=c(apelido_calaza,apelido_beis)
clasificacion=c(rep("delexical",length(apelido_calaza)),rep("toponimico",length(apelido_beis)))

antroponimia=data.frame(apelidos,provincia,clasificacion)
```

write.table(obxecto, "nome_do_arquivo")

write.table(antroponimia,"antroponimia")

R project

III) Exportación de datos



Exercicio 7

Crea unha base de datos desde R project que conteña a seguinte información, e posteriormente gárdaa como un arquivo .txt:

obra	clasificacion_palabras	frecuencia
ZAPINE953	N	662
ZAPINE953	ADV	157
ZAPINE953	DET	196
ZAPINE953	CONX	186
ZAPDIS951	N	120
ZAPDIS951	ADV	38
ZAPDIS951	DET	43
ZAPDIS951	CONX	31

R project

III) Exportación de datos



Exercicio 7
Solución

Crea unha base de datos desde R project que conteña a seguinte información, e posteriormente gárdaa como un arquivo .txt:

```
obra<-c(rep("ZAPINE953",4),rep("ZAPDIS951",4))
clasificacion_palabras<-c(rep(c("N","ADV","DET","CONX"),2))
frecuencias<-c(662,157,196,186,120,38,43,31)
base_obras<-data.frame(obra,clasificacion_palabras,frecuencias)
base_obras
```

```
       obra clasificacion_palabras frecuencias
1 ZAPINE953                     N         662
2 ZAPINE953                   ADV         157
3 ZAPINE953                   DET         196
4 ZAPINE953                  CONX         186
5 ZAPDIS951                     N         120
6 ZAPDIS951                   ADV          38
7 ZAPDIS951                   DET          43
8 ZAPDIS951                  CONX          31
```

```
write.table(base_obras,"base_obras.txt")
```

Módulo III - Estatística

I) Introdución. Conceptos básicos



Estatística

I) Introdución

O propósito da estatística...

recompilar, organizar, presentar, resumir, analizar, interpretar e usar os datos para tomar decisións e resolver problemas



Estatística

I) Introdución

O propósito da estatística...

recompilar, organizar, presentar, resumir, analizar, interpretar e usar os datos para tomar decisións e resolver problemas

- **Estatística descritiva**

  Resumir, **describir** ou presentar a información a través de:

  - **Táboas**
  - **Gráficos**
  - **Resumos estatísticos** (medidas tendencia central, medidas dispersión, medidas de localización)

- **Estatística inferencial**

  Métodos que usan a información para facer **predicións**, tomar **decisións** ou facer **inferencias**.



Estatística

I) Conceptos básicos

Como comezar?

Poboación: Universo de individuos ó cal se refire o estudo que se pretende realizar.

Que podemos ter nós?

Mostra: Subconxunto da poboación cuxos valores da(s) variable(s) que se pretende(n) analizar son coñecidos.

Que variable?

Variable: Trazo ou característica dos elementos da poboación que se pretende analizar.

Módulo IV – Estatística descritiva

I) Tipos de variables

I) Definición

II) Variables cualitativas

III) Variables cuantitativas

Estatística

I) Definición

Importante!

Variable: Trazo ou característica dos elementos da poboación que se pretende analizar.

A diferenciación de variables estatísticas determinará o tipo de técnica que se pode utilizar (Ex.: Representacións gráficas)

TIPOS DE VARIABLES

Variables cualitativas (valores non numéricos)
Cualitativas nominais
Cualitativas ordinais
Variables cuantitativas (valores numéricos)
Cuantitativas discretas
Cuantitativas continuas

Cualitativas nominais

Miden características que non toman valores numéricos.

(«categorías sen orde»)

Exemplos:

- **Sexo**: home ou muller
- **País de orixe**: España, Arxentina ou México
- **Etnia**: asiática, africana e europea.
- **Perfil lingüístico**: monolingüe, bilingüe, multilingüe
- **Método de ensinanza**: resposta, audiolingüe ou tradución gramática
- **Palabra usada para «cheminea»:** cheminea, fumeira, troneira
- **Pronunciación de <c>**: [k], [θ]

Cualitativas ordinais

Miden características que non toman valores numéricos pero si presentan entre os seus posibles valores unha relación de orde

Exemplos:

- **Educación**: estudos universitarios, estudos secundarios ou estudos primarios («graos de nivel de estudos»)

- **«Intelixencia» - Análise actitudinal á pregunta: É intelixente a persoa que está falando?**: totalmente de acordo, de acordo, nin de acordo nin en desacordo, desacordo, totalmente desacordo («graos de acordo»)

Estatística

III) Variables cuantitativas

Cuantitativas discretas

Miden características que toman valores numéricos pero nun número discreto de valores (no conxunto dos números naturais) «resultado dun conteo»

Exemplos:

- **Número de viaxes fora do país**: 1,2,3,4,...
- **Número de linguas faladas:** 1,2,3,4,5,6...
- **Número de libros que les nun ano:** 1,2,3,4,....

Cuantitativas continuas

Miden características que toman valores numéricos pero poden tomar valores dentro dun intervalo real («xeralmente poden levar decimais»)

Exemplos:

- **Idade**: 21; 21’3; 25; 25’5; 30; 34’5;...
- **Horas que pasas escribindo:** 0’5; 0’99; 1’25; 1’5; 2;...
- **Frecuencia dun son (Hz):** 657; 500; 507; 590; 594; 463; 518 ...

Módulo IV – Estatística descritiva

II) Variables cualitativas

I) Descrición dos datos

II) Representación gráfica

III) Construción por clases

Estatística

I) Descrición dos datos

Variables cualitativas: Características non medidas numericamente

- **Cualitativas nominais - categorías sen orde**
- **Cualitativas ordinais - categorías con orde**

Os valores dunha variable cualitativa dispóñense nunha **táboa de frecuencias**:

- **Frecuencias absolutas (n_i)**: número de casos que presentan cada un dos niveis/valores da variable.
- **Frecuencias relativas (f_i)** : proporción de casos que presentan cada un dos niveis/valores da variable.

Categorías das variables

x_i	n_i	f_i
x_1	n_1	$f_1 = n_1/N$
x_2	n_2	$f_2 = n_2/N$
...	...	...
x_k	n_k	$f_k = n_k/N$
...	...	....
	$\sum_i n_i = N$	$\sum_i f_i = 1$

N: número total de casos

Importante!

Estatística

I) Descrición dos datos

Exemplo (antroponimia):

```
antroponimia<-read.table("antroponimia.txt",header=T)

#Visualizar os datos:
antroponimia
```

	apelidos	provincia	clasificacion
1	Calaza	Alava	delexical
2	Calaza	Alava	delexical
3	Calaza	Alava	delexical
4	Calaza	Alava	delexical
5	Calaza	Alava	delexical
6	Calaza	Barcelona	delexical
7	Calaza	Barcelona	delexical
8	Calaza	Barcelona	delexical
9	Calaza	Barcelona	delexical
10	Calaza	Barcelona	delexical
11	Calaza	Barcelona	delexical

```
#ou ben:
View(antroponimia)

#Nomes das variables:
names(antroponimia)
```

```
[1] "apelidos"     "provincia"    "clasificacion"
```

Importante!

Comandos de interese para un primeiro contacto coa base de datos:

View()
names()

Estatística

I) Descrición dos datos

Exemplo (antroponimia):

#Resumo das variables contidas na base de datos:

summary(antroponimia)

```
  apelidos        provincia      clasificacion
Beis   : 84   A_Coruna  :128   delexical :206
Calaza:206   Lugo       : 66   toponimico: 84
             Madrid     : 32
             Pontevedra: 26
             Barcelona  : 12
             Bizkaia    : 11
             (Other)    : 15
```

Variables cualitativas coa súa frecuencia absoluta

Importante!

Comandos de interese para un primeiro contacto coa base de datos:

View()
names()
summary()

Estatística

I) Descrición dos datos

Exemplo (antroponimia):

#Acceso a cada unha das variables

#co comando $:

antroponimia$apelidos
antroponimia$provincia
antroponimia$clasificacion

#facendo un attach

attach(antroponimia)
apelidos

#Ver de que clase son as variables

class(apelidos)

```
[1] "factor"
```

levels(apelidos)

```
[1] "Beis"   "Calaza"
```

Importante!

Comandos de interese para un primeiro contacto coa base de datos:

View()
names()
summary()
attach()

Variables cualitativas

#Resumo descriptivo de variables cualitativas:

table(apelidos) **#frecuencias absolutas**

```
apelidos
  Beis Calaza
    84    206
```

table(apelidos,clasificacion)

```
        clasificacion
apelidos delexical toponimico
  Beis           0         84
  Calaza       206          0
```

taboa=table(apelidos)

tab_cont_apel=table(apelidos,clasificacion)

addmargins(tab_cont_apel)

```
        clasificacion
apelidos delexical toponimico Sum
  Beis           0         84  84
  Calaza       206          0 206
  Sum          206         84 290
```

prop.table(taboa) **#frecuencias relativas**

```
apelidos
     Beis    Calaza
0.2896552 0.7103448
```

prop.table(taboa)*100 #frecuencias relativas en %

```
apelidos
    Beis   Calaza
28.96552 71.03448
```

Importante!

Comandos de interese para variables cualitativas:

table()

prop.table()

addmargins()

Estatística

II) Representación gráfica

Variables cualitativas

1. Gráfico de barras

barplot(taboa,col=c("#fec44f","#d95f0e"),main="Frecuencias absolutas",xlab="Apelidos")



Importante!

Comandos de interese para variables cualitativas:

table()
prop.table()
addmargins()
barplot()

Variables cualitativas

1. Gráfico de barras

```
barplot(taboa,col=c("#fec44f","#d95f0e"),main="Frecuencias absolutas",xlab="Apelidos")

f_rel=prop.table(taboa) #frecuencias relativas
barplot(f_rel, col=c("#fec44f","#d95f0e"),main="Frecuencias relativas",xlab="Apelidos")
```





Variables cualitativas

2. Gráfico de sectores

```
pie(taboa,col=c("#fec44f","#d95f0e"),main="Frecuencias absolutas",xlab="Apelidos")
```



Importante!

Comandos de interese para variables cualitativas:

table()
prop.table()
addmargins()
barplot()
pie()

Variables cualitativas

2. Gráfico de sectores

```
pie(taboa,col=c("#fec44f","#d95f0e"),main="Frecuencias absolutas",xlab="Apelidos")
```



ALERTA!!
Falta saber que porcentaxe corresponde a cada un dos apelidos!!!

Importante!

Comandos de interese para variables cualitativas:

table()
prop.table()
addmargins()
barplot()
pie()

Estatística

II) Representación gráfica

Variables cualitativas

2. Gráfico de sectores

```
etiquetas<-prop.table(taboa)*100
etiquetas=round(etiquetas,2)
etiquetas
apelidos
  Beis Calaza
 28.97  71.03
etiquetas<-paste(etiquetas,"%",sep="")
etiquetas
[1] "28.97%" "71.03% "

 pie(taboa,labels=etiquetas,col=c("#fec44f","#d95f0e"),
              main="Frecuencias absolutas",xlab="Apelidos")
 legend(-1.2,1,legend=levels(apelidos),
              fill=c("#fec44f","#d95f0e"))
```

Imos incluír como «etiquetas» as frecuencias relativas de cada un dos apelidos

Coordenadas na gráfica onde inserimos a lenda



Variables cualitativas

2. Gráfico de sectores (3D)

```
library(plotrix)
pie3D(taboa,labels=etiquetas,col=c("#fec44f","#d95f0e"),main="Frecuencias absolutas")
legend(-0.9,1,legend=levels(apelidos),   fill=c("#fec44f","#d95f0e"))
```



Importante!

Comandos de interese para variables cualitativas:

table()
prop.table()
addmargins()
barplot()
pie()/pie3D()

Estatística

III) Construción por clases

Variables cualitativas

Casos nos que é interesante **construír agrupacións**:

A pesar de que a variable é numérica (por exemplo: conteos) nós estamos interesados en consideralos como grupos.

Exemplo:
Estamos a facer unha auditoría sobre o número de estudantes que figuran durante este ano en 25 materias de Filoloxía Galega, e atopámonos co seguinte:

25 50 48 40 15 16 5 10 6 31 56 55 2
3 5 15 6 5 3 2 8 49 4 14 6

Para darlle un pouco de orde a estes datos debemos **agrupar os nosos datos en categorías.**

Variables cualitativas

Casos nos que é interesante **construír agrupacións**:

Exemplo:

Primeiro temos que **decidir o número de clases (categorías)** que queremos ou que necesitamos. Como temos 25 casos parece razoable dividilos en 5 clases (clase moi pequena, pequena, normal, bastante numerosa, ou moi numerosa).

Nota

Depende do noso criterio a elección do número de clases.

Un criterio bastante extendido consiste en tomar como número de clases o enteiro máis próximo a $\sqrt{n}$.

Variables cualitativas

Casos nos que é interesante **construír agrupacións**:

Exemplo:

Para **determinar o tamaño de cada clase**, usaremos:

$$tamaño\ da\ clase = \frac{\{valor\ máis\ grande\ dos\ nosos\ datos - valor\ máis\ pequeno\}}{número\ de\ clases} = \frac{56\ - 2}{5} = 10.8$$

Para asegurarnos de que se inclúan os extremos dos nosos datos (e dado que non existe 0.8 estudantes), tomaremos clases de tamaño 11.

Estatística

III) Construción por clases

Variables cualitativas

Casos nos que é importante **construír agrupacións**:

Exemplo:
Entonces consideraremos as seguintes categorías:

Tamaño	Intervalos de clase	
moi pequena	[2,13)	2-12 estudantes
pequena	[13,24)	13-23 estudantes
normal	[24,35)	24-34 estudantes
bastante numerosa	[35,46)	35-45 estudantes
moi numerosa	[46,57)	46-56 estudantes

Entón temos que asociar os valores que correspondan a cada clase, e observar cantas materias temos en Filoloxía de cada un dos tamaños prefixados.

Variables cualitativas

Casos nos que é importante **construír agrupacións**:

Exemplo: **Como facer isto en R?**

```
#Número de materias
    num_alum=c(25,50, 48, 40, 15, 16, 5, 10, 6, 31, 56, 55, 2, 3, 5, 15, 6,5, 3, 2,8, 49, 4, 14, 6)
    length(num_alum)
    [1] 25

#Número de intervalos
    num_int_clase=sqrt(length(num_alum))
    num_int_clase
    [1] 5
```

Estatística

III) Construción por clases

Variables cualitativas

Casos nos que é importante **construír agrupacións**:

Exemplo:

Como facer isto en R?

Función para dividir en rangos

Número de intervalos

```
rangos<- cut(num_alum, breaks=5,include.lowest=T)
rangos
 [1] (23.6,34.4] (45.2,56.1] (45.2,56.1] (34.4,45.2] (12.8,23.6] (12.8,23.6] [1.95,12.8] [1.95,12.8] [1.95,12.8] (23.6,34.4]
[11] (45.2,56.1] (45.2,56.1] [1.95,12.8] [1.95,12.8] [1.95,12.8] (12.8,23.6] [1.95,12.8] [1.95,12.8] [1.95,12.8] [1.95,12.8]
[21] [1.95,12.8] (45.2,56.1] [1.95,12.8] (12.8,23.6] [1.95,12.8]
Levels: [1.95,12.8] (12.8,23.6] (23.6,34.4] (34.4,45.2] (45.2,56.1]

rangos_con_nome_categorias<- cut(num_alum, breaks=5,include.lowest=T,labels=c("moi
pequena", "pequena", "normal", "bastante numerosa",  "moi numerosa"))

table(rangos_con_nome_categorias) #frecuencias absolutas
rangos_con_nome_categorias
        moi pequena            pequena             normal  bastante numerosa     moi numerosa
                 13                   4                  2                  1                5
```

Etiquetas para as categorías

Estatística

III) Construción por clases

Variables cualitativas

Casos nos que é importante **construír agrupacións**:

Exemplo: **Como facer isto en R?**

```
taboa=table(rangos_con_nome_categorias)
prop.table(taboa)          #frecuencias relativas
```

```
rangos_con_nome_categorias
    moi pequena        pequena         normal  bastante numerosa     moi numerosa
           0.52           0.16           0.08               0.04             0.20
```

Estatística



Exercicio 8

Imos traballar cos datos «tempos_compostos_galego_medieval.csv» que utilizaramos no exercicio 1.

1º) Cargamos os datos

2º) Visualizámolos

Data: tempos_compostos

	tipo_de_verbo	verbo	auxiliar	num_aparicion
1	paso_de_tempo	durar	aver	3
2	paso_de_tempo	passar	ser	13
3	procesos_fisicos	(de)mudar	ser	5
4	procesos_fisicos	desecar	ser	1
5	procesos_fisicos	dormir	aver	3
6	procesos_fisicos	enloqueçer	ser	1
7	procesos_fisicos	escalentar	ser	1
8	procesos_fisicos	finar	ser	9
9	procesos_fisicos	guarir,guaresçer	ser	5
10	procesos_fisicos	morir	ser	82
11	procesos_fisicos	nasçer	ser	7
12	procesos_fisicos	parir	ser	1
13	suceso	acaeçer	ser	3
14	suceso	acaeçer	aver	3
15	suceso	conteçer	aver	4
16	suceso	passar	aver	3
17	permanencia	albergar	aver	1
18	permanencia	fincar	aver	9
19	permanencia	folgar	aver	1
20	permanencia	morar	aver	7
21	permanencia	posar	ser	1

Estatística



Exercicio 8

Imos traballar cos datos «tempos_compostos_galego_medieval.csv» que utilizaramos no exercicio 1.

1º) Cargamos os datos

```
tempos_compostos=read.csv("tempos_compostos_galego_medieval.csv",header=T,sep=";")
```

2º) Visualizámolos

```
View(tempos_compostos)
```

Data: tempos_compostos

	tipo_de_verbo	verbo	auxiliar	num_aparicion
1	paso_de_tempo	durar	aver	3
2	paso_de_tempo	passar	ser	13
3	procesos_fisicos	(de)mudar	ser	5
4	procesos_fisicos	desecar	ser	1
5	procesos_fisicos	dormir	aver	3
6	procesos_fisicos	enloqueçer	ser	1
7	procesos_fisicos	escalentar	ser	1
8	procesos_fisicos	finar	ser	9
9	procesos_fisicos	guarir,guaresçer	ser	5
10	procesos_fisicos	morir	ser	82
11	procesos_fisicos	nasçer	ser	7
12	procesos_fisicos	parir	ser	1
13	suceso	acaeçer	ser	3
14	suceso	acaeçer	aver	3
15	suceso	conteçer	aver	4
16	suceso	passar	aver	3
17	permanencia	albergar	aver	1
18	permanencia	fincar	aver	9
19	permanencia	folgar	aver	1
20	permanencia	morar	aver	7
21	permanencia	posar	ser	1

Estatística



Exercicio 8

Imos traballar cos datos «tempos_compostos_galego_medieval.csv» que utilizaramos no exercicio 1.

a) Ver de que clase é cada variable

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas): «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

   i. Facer unha táboa resumo de cada variable coas frecuencias relativas e outra coas absolutas

   ii. Representación gráfica de cada unha delas

Estatística

Exercicio 8: Solución

«tempos_compostos_galego_medieval.csv»

a) Ver de que clase é cada variable

```
attach(tempos_compostos)
class(tipo_de_verbo)
class(num_aparicion)
```

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas): «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

   i. Facer unha táboa resumo de cada variable coas frecuencias relativas e outra coas absolutas

Estatística

Exercicio 8: Solución

«tempos_compostos_galego_medieval.csv»

a) Ver de que clase é cada variable

```
attach(tempos_compostos)
class(tipo_de_verbo)
class(num_aparicion)
```

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas): «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

i. Facer unha táboa resumo de cada variable coas frecuencias relativas e outra coas absolutas

```
tab_auxiliar=table(auxiliar) ; tab_auxiliar
auxiliar
aver  ser
   9   12
prop.table(tab_auxiliar)
auxiliar
     aver       ser
0.4285714 0.5714286
```

Estatística

Exercicio 8: Solución

«tempos_compostos_galego_medieval.csv»

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas) : «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

ii. Representación gráfica de cada unha delas (diagrama de barras)

Estatística

Exercicio 8: Solución

«tempos_compostos_galego_medieval.csv»

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas) : «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

ii. Representación gráfica de cada unha delas (diagrama de barras)

```
barplot(tab_auxiliar,col=c("#e5f5f9","#99d8c9"),main="Auxiliares")
```



Estatística

Exercicio 8: Solución

«tempos_compostos_galego_medieval.csv»

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas): «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

ii. Representación gráfica de cada unha delas (diagrama de sectores)

Estatística

Exercicio 8: Solución

«tempos_compostos_galego_medieval.csv»

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas): «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

ii. Representación gráfica de cada unha delas (diagrama de sectores)

```
etiquetas<-prop.table(tab_auxiliar)*100
etiquetas<-round(etiquetas,2)
etiquetas<-paste(etiquetas,"%",sep="")

pie(tab_auxiliar,labels=etiquetas,col=c("#e5f5f9","#99d8c9"),
            main="Auxiliaries")

legend(-1.2,1.05,legend=levels(auxiliar),fill=c("#e5f5f9","#99d8c9"))
```



Estatística

Exercicio 8: Solución

«tempos_compostos_galego_medieval.csv»

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas): «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

ii. Representación gráfica de cada unha delas (diagrama de sectores,3D)

Estatística

Exercicio 8: Solución

«tempos_compostos_galego_medieval.csv»

b) Nas variables cualitativas (variables categóricas): «tipo_de_verbo» e «auxiliar»

ii. Representación gráfica de cada unha delas (diagrama de sectores,3D)

```
pie3D(tab_auxiliar,labels=etiquetas,explode=0.03,
      col=c("#e5f5f9","#99d8c9"),main="Auxiliares")

legend(-0.9,1.05,legend=levels(auxiliar),fill=c("#e5f5f9","#99d8c9"))
```



Módulo IV – Estatística descritiva

III) Variables cuantitativas

I) Descrición dos datos

II) Representación gráfica

Estatística

Variables cuantitativas

Cantidades numéricas

- **Cuantitativas discretas: número finito discreto de valores (ex.: número de linguas faladas, número de libros que les nun ano,...)**
  - I) Descrición dos datos
  - II) Representación gráfica
- **Cuantitativas continuas: infinitos valores nun intervalo real (ex.: idade, frecuencia dun son,...)**
  - I) Descrición dos datos
  - II) Representación gráfica

Estatística

Variables cuantitativas discretas

Miden características que toman valores numéricos pero nun número discreto de valores (no conxunto dos números naturais) «resultado dun conteo»

Exemplos:

- **Número de viaxes fora do país**: 1,2,3,4,...
- **Número de linguas faladas:** 1,2,3,4,5,6...
- **Número de libros que les nun ano:** 1,2,3,4,....

Variables cuantitativas discretas

O **tratamento** é similar ás variables cualitativas (ten sentido falar de **frecuencias** e das representacións das mesmas en **diagramas de barras** e **de sectores**)

Exemplo:
Para poder reproducir o estudo das variables discretas partimos dunha base de datos extraída do TILG. Imos facer unha descrición dos adxectivos da obra ZAPINE953, á cal tedes gardada no arquivo:

«zapine953ax.txt»

Variables cuantitativas discretas

Exemplo:

«zapine953ax.txt»



Variables cuantitativas discretas

Exemplo:

«zapine953ax.txt»

Cargamos os datos e visualizámolos en R:

```
adxectivos<-read.table("zapine953ax.txt",header=T)

#Visualizámolos:

View(adxectivos)
```

Data: adxectivos

	adxectivo	contaxe
1	bo	7
2	feros	5
3	galegos	4
4	nobre	4
5	irredenta	4
6	galego	4
7	lobos	3
8	duro	3
9	forte	3
10	reberte	3
11	longa	2
12	xeneroso	2
13	negra	2
14	gran	2
15	fidalgos	2
16	garimosa	2
17	craros	2
18	galega	2
19	escrava	2

Variables cuantitativas discretas

Exemplo:

«zapine953ax.txt»

Contaxe: número de veces que se repite o adxectivo na obra

Como se comporta o número de repeticións dun adxectivo?

Adóitanse repetir 4 veces na obra? Ou 5? Ou 6?...

Variables cuantitativas discretas

Exemplo:

«zapine953ax.txt»

Contaxe: número de veces que se repite o adxectivo na obra

```
attach(adxectivos)
contaxe
 [1] 7 5 4 4 4 4 3 3 3 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1
 [54] 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1
[107] 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1
[160] 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1
class(contaxe)
[1] "integer"
```

Nós queremos considerar cada número como un nivel (que represente o grao de repetición do adxectivo na obra).
Os niveis serían: 1,2,3,4,5,7

Variables cuantitativas discretas

Exemplo:

«zapine953ax.txt»

Contaxe: número de veces que se repite o adxectivo na obra

```
contaxe<-as.factor(contaxe)
class(contaxe)
[1] "factor"
levels(contaxe)
[1] "1" "2" "3" "4" "5" "7“
table(contaxe)
contaxe
  1   2   3   4   5   7
178  21   4   4   1   1
```

Importante!

Comandos de interese para variables cuantitativas discretas:

***as.factor()*: para codificar un vector como un factor**

***levels()*: coñecer os niveis dunha variable**

***table()*: frecuencias asociadas a cada un dos niveis**

Estatística II) Representación gráfica

Variables cuantitativas discretas

1. Gráfico de barras

Cores para cada nivel da variable

```
plot(contaxe,col=c("#ffffcc","#d9f0a3","#addd8e","#78c679","#31a354","#006837"),
     ylab="Frecuencias",xlab="Número repeticións",main="Adxectivos na obra ZAPINE953ax")
```

A variable



Importante!

Comandos de interese para variables cuantitativas discretas:

plot()

Variables cuantitativas discretas

2. Gráfico de sectores

```
tab_contaxe<-table(contaxe)
pie(tab_contaxe,col=c("#ffffcc","#d9f0a3","#addd8e","#78c679","#31a354","#006837"),
        main="Adxectivos na obra ZAPINE953ax")
```



Importante!

Comandos de interese para variables cuantitativas discretas:

plot()
pie()/pie3D()

Estatística II) Representación gráfica

Variables cuantitativas discretas

2. Gráfico de sectores

```
tab_contaxe<-table(contaxe)
pie(tab_contaxe,col=c("#ffffcc","#d9f0a3","#addd8e","#78c679","#31a354","#006837"),
        main="Adxectivos na obra ZAPINE953ax")
```



ALERTA!!
Falta saber que porcentaxe corresponde a cada un dos niveis!!!

Importante!

Comandos de interese para variables cuantitativas discretas:

plot()
pie()/pie3D()

Estatística II) Representación gráfica

Variables cuantitativas discretas

2. Gráfico de sectores

```
tab_contaxe<-table(contaxe)

etiquetas<-prop.table(tab_contaxe)*100
etiquetas<-round(etiquetas,2)
etiquetas<-paste(etiquetas,"%",sep="")

pie(tab_contaxe,labels=etiquetas,cex=0.5,
col=c("#ffffcc","#d9f0a3","#addd8e","#78c679","#31a354",
"#006837"),main="Adxectivos na obra ZAPINE953ax")

legend(-1.2,1.05,legend=levels(contaxe),
fill=c("#ffffcc","#d9f0a3","#addd8e","#78c679",
"#31a354","#006837"))
```



Importante!

Comandos de interese para variables cuantitativas discretas:

plot()
pie()/pie3D()

Estatística

Exercicio 9

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

a) De que clase é a variable «contaxe»

b) Na variable «contaxe»:

   i. Facer unha táboa resumo de cada variable coas frecuencias relativas e outra coas absolutas segundo os diferentes «niveis de repetición»

   ii. Representación gráfica de cada unha delas

Estatística

Exercicio 9: Solución

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

a) De que clase é a variable «contaxe»

```
obra_demos=read.table("1NT004916.txt",header=T)
View(obra_demos)
attach(obra_demos)
names(obra_demos)
[1] "demostrativo" "contaxe"

class(contaxe)
[1] "integer"
```

Estatística

Exercicio 9: Solución

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

b) Na variable «contaxe»:

i. Facer unha táboa resumo de cada variable coas frecuencias relativas e outra coas absolutas segundo os diferentes «niveis de repetición»

```
contaxe_dem<-as.factor(contaxe)
table(contaxe_dem)
contaxe_dem
 1  2  3  6
10  5  3  1
taboa_dem<-table(contaxe_dem)
prop.table(taboa_dem)
contaxe_dem
        1         2         3         6
0.52631579 0.26315789 0.15789474 0.05263158
```

Para poñer en tanto por cento:

```
round(prop.table(taboa_dem),3)*100
contaxe_dem
  1    2    3    6
52.6 26.3 15.8  5.3
```

Estatística

Exercicio 9: Solución

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

b) Na variable «contaxe»:

ii. Representación gráfica de cada unha delas

Estatística

Exercicio 9: Solución

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

b) Na variable «contaxe»:

ii. Representación gráfica de cada unha delas

```
plot(contaxe_dem,
        col=c("#ffffcc","#a1dab4","#41b6c4","#225ea8"),
        main="Repetición dos demostrativos",
        xlab="Número de veces que se repiten")
```



Estatística

Exercicio 9: Solución

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

b) Na variable «contaxe»:

ii. Representación gráfica de cada unha delas

Estatística

Exercicio 9: Solución

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

b) Na variable «contaxe»:

ii. Representación gráfica de cada unha delas

```
etiquetas<-prop.table(taboa_dem)*100
etiquetas<-round(etiquetas,2)
etiquetas<-paste(etiquetas,"%",sep="")
etiquetas
[1] "52.63%" "26.32%" "15.79%" "5.26%"
pie(taboa_dem,labels=etiquetas,
            col=c("#ffffcc","#a1dab4","#41b6c4","#225ea8"),
            main="Repetición dos demostrativos")

legend(-0.9,1.05,legend=levels(contaxe_dem),
            fill=c("#ffffcc","#a1dab4","#41b6c4","#225ea8"))
```



Estatística

Exercicio 9: Solución

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

b) Na variable «contaxe»:

ii. Representación gráfica de cada unha delas

Estatística

Exercicio 9: Solución

Imos traballar cos datos «1NT004916.txt» que utilizaramos no exercicio 1.

b) Na variable «contaxe»:

ii. Representación gráfica de cada unha delas

```
library(plotrix)
pie3D(taboa_dem,labels=etiquetas,
        col=c("#ffffcc","#a1dab4","#41b6c4","#225ea8"),
        main="Repetición dos demostrativos")

legend(-0.9,1.05,legend=levels(contaxe_dem),
        fill=c("#ffffcc","#a1dab4","#41b6c4","#225ea8"))
```



Estatística

Variables cuantitativas

Cantidades numéricas

- **Cuantitativas discretas: número finito discreto de valores (Número de linguas faladas, número de libros que les nun ano)**

I) Descrición dos datos

II) Representación gráfica

- **Cuantitativas continuas: infinitos valores nun intervalo real (idade, frecuencia dun son…)**

I) Descrición dos datos

II) Representación gráfica

Estatística

I) Descrición dos datos

Variables cuantitativas continuas

Idade: 80 75 64 58 50 45 39 29 27 18 14 10 8 5 1

Estatística

I) Descrición dos datos

Variables cuantitativas continuas



> 50

50 - 20

< 20

Variables cuantitativas continuas

Unha **variable cuantitativa** pódese **describir mediante unha táboa de frecuencia agrupando por intervalos**. Ós intervalos chamarémolos **intervalos de clase**.

Consideracións:

- *Número de intervalos a considerar*
- *Amplitude de cada intervalo*
- *Posición dos intervalos*: os intervalos serán contiguos e deberán situarse alí onde se atopen as observacións.

Variables cuantitativas continuas

En R project....

Exemplo:

As idades dos nosos informantes son as seguintes:

20, 21, 22, 51,55, 23, 24, 24, 22, 26, 30, 32, 31, 40, 45

```
idades<-c(20, 21, 22, 51,55, 23, 24, 24, 22, 26, 30, 32, 31, 40, 45)
```

Variables cuantitativas continuas

En R project....

Exemplo:

As idades dos nosos informantes son as seguintes:

